

Título: *Afectividad y aprendizaje educativo: hacia una pedagogía de la prevención*

Autora: GUTIÉRREZ MOAR, María del Carmen

Cualificación: Sobresaliente *cum laude*

Ano de Defensa Pública: 2004

Universidade: Universidade de Santiago de Compostela (USC)

1. INTRODUCCIÓN

Esta investigación defende a necesidade da alfabetización emocional ao lado da intelectual, xa que, aínda que todos os contextos educativos presentan unha teleoloxía orientada ao desenvolvemento integral, cremos que non o conseguen porque sacrifican a primeira en beneficio da segunda; con iso estaríase a contradicir a teoría coa realidade educativa. Esta contradición quedaría superada se entendemos o desenvolvemento educativo como un binomio inseparable e concomitante entre cognición e emoción, mantendo o mesmo rango por máis que as súas postas en práctica sexan diferentes. No marco desa harmonización, presentamos o paradigma ecolóxico-comunitario que trata de intervir dinamicamente nun contexto socioeconómico e territorial concreto, para que cada membro da comunidade tome conciencia dos seus problemas e necesidades participando activamente na súa resolución. Este proceso de mellora está aberto a toda persoa que forme parte dese contexto. En referencia ao deseño de actividades, o primeiro que fará o experto é avaliar os seus coñecementos e habilidades previas, co fin de intentar garantir o éxito posterior, que vai unido ao logro da competencia autónoma de cada un, xa que o resultado reverte directamente na comunidade. Deste xeito, quedan conectados o ecolóxico e o comunitario co factor emocional, xa que cando un é capaz de desenvolverse nun acto de forma axustada nace a satisfacción. Da emoción satisfactoria, nace a automotivación, que é a xeradora de novas accións sucesivas, garantindo a vivencia da educación como algo permanente. Esta perspectiva trata de explicar que as emocións e a motivación intrínseca están intimamente ligadas; por iso, cremos que encamiñar as emocións e a motivación consecuentemente cara ao logro de obxectivos educativos é esencial para o despregamento de procesos que impulsan o desenvolvemento integral do suxeito.

Toda esta formulación esixe a creación ou o nacemento dun novo ámbito de intervención, que denominamos pedagogía afectivo-emocional.

2. OBXECTIVOS DA TESE

O obxectivo xeral desta tese de doutoramento é entender o desenvolvemento integral da personalidade do individuo de forma global; é dicir, no inseparable

binomio emocional-cognitivo, que aínda que require pragmáticas diferentes esixe un mesmo nivel xerárquico e de intervención.

En canto aos obxectivos específicos que nos marcamos coa realización deste traballo de investigación, dividímolos en dúas partes: unha primeira, que abrangue o marco teórico-conceptual coa proposta de prevención e intervención e outra segunda, centrada na dimensión práctica do devandito estudo.

Como obxectivos específicos da primeira e segunda parte, “Construción dun marco conceptual acerca da educación afectivo-emocional” e “A dimensión afectivo-emocional na educación: dende a prevención á intervención pedagóxica”, sinalamos:

- a) Recoñecer a reciprocidade existente entre desenvolvemento cognitivo e emocional.
- b) Buscar a optimización do benestar e a autoestima dos suxeitos, xerando automotivación.
- c) Contribuír á extensión da educación afectivo-emocional a toda a comunidade, partindo sempre da intrapersoal ata chegar ao interpersonal e social (ecolóxico-comunitario).
- d) Responder ao déficit actual da educación, previndo e intervindo os efectos negativos do analfabetismo emocional.
- e) Xustificar a integración da educación afectivo-emocional no currículo explícito e con programacións articuladas para a súa posta en práctica.
- f) Expoñer a necesidade dun cambio de tendencia no contexto socio-educativo, á hora de poñer en práctica o fin último da educación: o desenvolvemento integral dos suxeitos.
- g) Situar a pedagogía afectivo-emocional como un ámbito común entre a pedagogía social e a teoría da educación.

A terceira parte titulada “A educación afectivo-emocional en contexto. Dimensión empírica do estudo” correspóndese cun obxectivo principal e cinco específicos.

Como obxectivo principal propoñemos comprobar se os plans de estudos dos educadores sociais e mestres dotan de capacitación emocional.

Pasamos agora a explicitar os obxectivos específicos:

- a) Recoñecer o perfil emocional dos discentes dunha mostra de universitarios e nunhas titulacións concretas.
- b) Diferenciar afectos e emocións persoais e dos outros por titulacións e cursos.
- c) Analizar o peso das variables por titulacións e cursos.

- d) Valorar a necesidade da apreensión da capacitación emocional nos profesionais da educación e nos discentes.
- e) Defender a proposta de que a dimensión afectivo-emocional forme parte explícita nos currículos.

3. ESTRUCTURA E METODOLOXÍA DA TESE

A estrutura da tese divídese en tres partes ben diferenciadas, pero interconectadas. A primeira, “Construción dun marco conceptual acerca da educación afectivo-emocional”, está formada por tres capítulos cuxos títulos son “Afectividade: Marco conceptual”, “Algúns enfoques teóricos da educación afectivo-emocional” e “Emocións e perspectiva ecolóxico-comunitaria”.

A segunda “A dimensión afectivo-emocional na educación. Dende a prevención á intervención pedagóxica” está composta por dous capítulos “A alfabetización afectivo-emocional como clave de prevención no marco educativo” e “A educación afectivo-emocional nun marco de intervención pedagóxica, en consonancia co paradigma ecolóxico-comunitario”.

Na terceira e última parte, “A educación afectivo-emocional en contexto. Dimensión empírica do estudo” presentamos a esfera práctica desta investigación, cun único capítulo, baixo a denominación “Aproximación a unha análise sobre afectos e emocións nunha mostra de universitarios”.

Esta tese de doutoramento finaliza coas referencias bibliográficas e os anexos. As fontes documentais son unha “pedra angular” durante todo o proceso de investigación, porque guían toda a súa elaboración. Ao longo dos anos, traballamos con fontes que afectan o ámbito da educación e da psicoloxía en sentido amplo, para ir especializándonos noutras máis restrinxidas, que nos permitiron indagar e afondar no campo dos afectos e das emocións.

Os anexos, como elementos que enriquecen o traballo realizado, divídense en cinco partes: o primeiro recolle os materiais curriculares que poden ser empregados por parte dos docentes e discentes, á hora de deseñar e desenvolver o currículo da educación afectivo-emocional; o segundo, é o cuestionario sobre afectos e emocións elaborado para a realización da parte práctica entre as titulacións de educación social (ES) e mestre; o terceiro, indica a distribución dos créditos entre as materias troncais, obrigatorias e optativas das titulacións obxecto de estudo como complemento das táboas que identifican a estrutura xeral dos seus plans de estudos; rematamos co cuarto e co quinto, que aluden, por un lado, aos índices de táboas, figuras e gráficas e, polo outro, ás abreviaturas que se empregaron ao longo da tese.

En canto á metodoloxía, entendemos que a necesidade de percibir e actuar de forma global e plural fai que no noso traballo de investigación nos sirvamos de

distintos paradigmas e dun pluralismo metodolóxico, con posibilidade de favorecer e propiciar as transformacións educativas e sociais necesarias a prol de ofrecer solucións de forma sistémica a unha realidade práctica que cremos inadecuada, porque ignora a dimensión emocional dos suxeitos.

A aceptación nesta tese de doutoramento doutro tipo de intelixencia, ademais da cognitiva, chamada intelixencia emocional (IE), ponnos na liña da conxunción intelectual xurdida nos anos sesenta, do rexeitamento ao reduccionismo positivista que considera o saber científico como o único aceptable para explicar a realidade, apoiándose no dogma de que só as realidades medibles constitúen a base adecuada da ciencia, admitindo o principio de complementariedade entre a investigación cuantitativa e a cualitativa.

A investigación doutoral que temos o gusto de presentar pode entenderse, atendendo á metodoloxía, segundo dúas partes básicas que, non obstante, se interrelacionan. Referímonos, loxicamente, á parte teórica e á parte denominada empírica.

Na primeira realizamos unha ampla análise bibliográfica sobre o tema principal, tanto dende unha perspectiva internacional como nacional. Do mesmo xeito, consultamos importantes bases de datos, non só impresas senón tamén en soporte dixital. A razón de facelo así tivo que ver co noso desexo de coñecer e levar a efecto unha sorte de delimitación conceptual, depurando tendencias e modelos acordados co obxecto de estudo.

A parte empírica do traballo responde a un esquema de investigación fundamentalmente cuantitativo, sen que por iso teñamos que negar rotundamente as súas posibles apreciacións cualitativas. En tal sentido, dentro das posibilidades que nos ofrecen os métodos non experimentais, tratando sempre de achegarnos ao propósito da investigación efectuada, optamos polo método descritivo e así, de xeito máis concreto, por un estudo de enquisa.

4. DESENVOLVEMENTO DO CONTIDO

A primeira parte, *Construción dun marco conceptual acerca da educación afectivo-emocional*, refírese ao marco teórico-conceptual e aos enfoques teóricos pertinentes que nos serven de ancoraxe, para culminar cos sinais de identidade da innovadora e persoal perspectiva ecolóxico-comunitaria, proposta por nós como paradigma ou modelo de intervención.

Despois de abordar a delimitación terminolóxica, a cal leva consigo unha xustaposición conceptual, aglutinadora dos estados afectivos que esixen estudo e comprensión para que a intelixencia á que pertencen, chamada IE, se entenda como complementaria da intelectual sen minusvaloracións nin esquecementos, porque todo suxeito é unha dualidade racional e emocional, trátase de harmonizar

o mundo persoal e social aproveitando o mundo afectivo-emocional que presenta cada suxeito como ente individual e cada comunidade, en xeral, sen predominancias nin anulacións a través do paradigma ecolóxico-comunitario, así como analizar a educación afectivo-emocional dentro del, logo da anotación de ambos os dous termos.

A segunda, *A dimensión afectivo-emocional na educación. Dende a prevención á intervención pedagóxica*, iniciámola centrándonos nas implicacións psico-pedagóxicas da alfabetización emocional, como un dos retos da educación emocional, que consiste en motivar a partir da emoción persoal, para rematar cinguíndonos á educación emocional propiamente dita, facendo referencia á creación e á aplicación de programas de alfabetización emocional (delimitando obxectivos, contidos, recursos, metodoloxía e avaliación), poñendo de relevo que a educación emocional non se limita só aos procesos de educación formal, senón que é propia de todos os procesos educativos tanto formal, non formal, coma informal en contextos comunitarios. Insistimos na educación emocional como unha estratexia de prevención inespecífica, porque pode ter efectos positivos en canto á prevención de desaxustes intra e interpersoais e sociais, ao ser un complemento indispensable do desenvolvemento cognitivo, ambos os dous garantes do desenvolvemento integral perseguido. Nesta liña interpretativa e de posicionamento, propoñemos o desenvolvemento de coñecementos e habilidades acerca das emocións, co obxecto de capacitar a todos os individuos –persoal e socialmente– a afrontar todos os retos acontecidos na súa vida cotiá, facéndoos conscientes da existencia dun grao de frustración necesaria que non é óbice para a súa autorrealización como individuo e como ser social.

É unha defensa xustificada da alfabetización emocional mediante programas preventivos e de intervención que palíen os efectos negativos que puidesen derivarse das disfuncións emocionais, cun posicionamento que entende a pedagogía afectivo-emocional como un ámbito común entre a pedagogía social e a teoría da educación, o que leva consigo unha necesaria explicitación curricular para considerala de forma obxectiva nas nosas programacións e poder ser transformada en condutas observables, a través de actividades que posteriormente van ser avaliadas.

Na terceira e última parte, *A educación afectivo-emocional en contexto. Dimensión empírica do estudo*, presentamos a esfera práctica consistente na elaboración dun cuestionario para medir contextualmente e nun ámbito universitario o grao de capacitación emocional dos alumnos das titulacións de educación social e mestre para demostrar o grao de pertinencia ou non pertinencia da inclusión da educación afectivo-emocional nos plans de estudos como garantía do desenvolvemento integral.

Esta parte orientouse a constatar como, ata agora, a educación afectivo-emocional ao non estar explícita curricularmente está lonxe de capacitar axeitadamente e existen actuacións que poderían clasificarse como antitéticas en canto á súa realización e que parece ser debido ao libre albedrío no que se traballa a devandita dimensión, tanto nos diferentes contextos educativos como os distintos profesionais da educación. Para tal efecto, o que fixemos foi deseñar un cuestionario para cubrir persoalmente que se compón de 86 ítems, concibidos segundo un tipo de resposta verdadeiro ou falso. O que pretendiamos co instrumento era, sinxelamente, valorar a capacitación emocional nunha mostra de 500 estudantes universitarios das titulacións de educación social e mestre na mesma universidade compostelá.

5. RESULTADOS-CONCLUSIÓNS

O que se constata como resultados na dimensión empírica da investigación é que en educación social o perfil condutual é capacitado/a emocionalmente, permisivo/a, desafiador/a e desdeñoso/a. A tendencia que reflicte oriéntase ao equilibrio e á harmonía porque inclúe parte da educación emocional nos procesos de educación non formal e informal cunha orientación comunitaria.

Nas diplomaturas de mestre, o perfil condutual é: capacitado/a emocionalmente, desafiador/a, permisivo/a e desdeñoso/a. Indica que a formación dos mestres lle dá prioridade ao aspecto cognitivo fronte ao intelectual, manifestando unha rixidez cognitiva e linealidade do coñecemento.

Todas estas titulacións teñen en común que na variable capacitación emocional o seu potencial de desenvolvemento está por debaixo do que sería suficiente para poder falar dunha educación integral.

Realizouse a proba de chi-cadrado, facendo comparacións intratitulacións (cursos e variables) e intertitulacións (cursos e variables). Atendendo aos diferentes cursos dunha mesma titulación –intratitulación–, en educación social non existen diferenzas estatisticamente significativas, pero a tendencia de resposta na escala é “pouco” en cada unha das variables, destacando que na variable desdeñoso/a, o baremo de resposta é “nulo” e a capacitación emocional queda por debaixo da media, facéndose necesaria unha intervención para desenvolver o potencial desta variable ao máximo. Nas titulacións de mestre, existen diferenzas estatisticamente significativas entre as dúas primeiras variables –desdeñoso/a e desafiador/a– con predisposición nelas do valor do baremo “pouco” e nas outras dúas variables –permisivo/a e capacitado/a emocionalmente– resultaron non significativas, pero coa mesma preferencia na escala. A súa capacitación emocional segue por debaixo da media, o que fai necesaria unha formación permanente do profesorado en beneficio do alumnado que permita paliar esas diferenzas tan dispares, que cremos que poden repercutir negativamente no desempeño docente.

En canto á análise dos mesmos cursos de diferentes titulacións –intertitulación–, existen diferenzas estatisticamente significativas tanto nos primeiros coma nos terceiros entre si nas dúas primeiras variables –desdeñoso/a e desafiador/a–. O seu predominio do valor do baremo é “pouco”, mentres que o valor “moi” é baixo en ambas as dúas variables, con tendencia a aumentar nas dúas últimas –permisivo/a e capacitado/a emocionalmente–, pero sen chegar, en ningún caso, a alcanzar a media.

As conclusións que se poden extraer da investigación realizada son:

- A pluridimensionalidade das emocións, é dicir, variedade de estados con diferentes contidos.
- A multifuncionalidade emocional (motivacional, adaptativa, informativa e social) que se reflicte no seu amplo abano para xerar actuacións.
- A necesidade dun enfoque holístico na educación que teña explícitas ambas as dúas dimensións humanas.
- O desenvolvemento integral da personalidade require o desenvolvemento concomitante do cognitivo e do emocional.
- O paradigma ecolóxico-comunitario como proceso de realización do enfoque holístico.
- A educación afectivo-emocional como estratexia de prevención non é só específica do ámbito educativo, senón tamén inespecificamente, xa que ten efectos beneficiosos de cara a unha prevención múltiple en todas as dimensións sociais.
- A pedagogía afectivo-emocional entendida como espazo consolidado de análise concluínte para a pedagogía social e a teoría da educación, perfectamente construíble e susceptible de ser incluída na formación teórico-práctica dos presentes e futuros profesionais da educación.